



# pensada para ti

## DESENVOLVEMENTO LOCAL E PROMOCIÓN DO EMPREGO

- Reestruturaremos e potenciaremos da **Axencia de Desenvolvemento Local** como organismo para a creación de emprego.
- Xestionaremos a creación dunha **Escola-Obradoiro** e/ou **Taller de Emprego** para desenvolver oficios tradicionais.

### Industria

- Cooperaremos coa Consellaría de Vivenda e Solo na posta en marcha do **Parque Empresarial do Barbanza**, que estará dotado de todos os servizos.
- Crearemos **viveiros de empresas**. Dotaremos naves modulares en réxime de alugueiro con opción de compra no Parque Empresarial do Barbanza.
- Modernizaremos e dotaremos de **servizos** o polígono de Xarás.
- Xestionaremos o **traslado de industrias dos núcleos urbanos**.

### Pesca

- **No porto de Ribeira:**
  - Demandaremos a elaboración dun **Plan de usos** para o peirao de Ribeira.
  - Xestionaremos a creación dunha **nova lonxa**.
  - Dotaremos de **vixilancia** o recinto portuario de Ribeira.
- Acondicionaremos **todos os portos do concello** con instalacións e servizos dignos:
  - Reorganizaremos e aumentaremos o número de **pantaláns para a flota artesanal** e adecuaremos espazos para as embarcacións tradicionais.
  - Traballaremos para a **eliminación dos vertidos**.
  - Crearemos un **selo de calidade** ou denominación de orixe para os produtos da ría.
  - Potenciaremos a **pesca artesanal**, cultivos mariños e acuicultura.
  - Fomentaremos **cooperativas de produtores** e crearemos redes de comercialización.

### Comercio

- Faremos un **novo mercado** municipal con instalacións modernas e funcionais.
- Impulsaremos medidas efectivas para a reactivación do **comercio de proximidade**.
- Potenciaremos o **Centro Comercial Aberto** de Ribeira.
- Melloraremos as contornas comerciais a través da **rehabilitación e humanización**.
- Organizaremos feiras para a **promoción comercial**.

### Turismo

- Darémolle pulo a un Plan de **dinamización turística** a través do Consorcio de Turismo; colaboraremos con empresas e entidades para organizar actividades atractivas...
- Acondicionaremos as nosas praias dotándoas dos **servizos acaídos**.
- Potenciaremos o **turismo activo**: saídas en barcos pesqueiros, visitas guiadas...
- Promocionaremos **roteiros** culturais e naturais de interese.
- Faremos roteiros de paseo e **carril-bici**.
- Traballaremos pola posta en valor do **Parque Natural** de Corrubedo e o **Parque Nacional** das Illas Atlánticas.

### Desenvolvemento rural

- Crearemos accións dirixidas ó desenvolvemento do **medio rural** para xerar emprego.
- Fomentaremos o **cooperativismo** en empresas agrogandeiras e forestais.
- Impulsaremos a creación de empresas de **agricultura ecolóxica** e produtos tradicionais.
- Daremoslle pulo a unha **denominación de orixe** do Parque Dunar.

## BENESTAR SOCIAL

- Axilizaremos a apertura do **novo Centro de Día**.
- Xestionaremos un **transporte público subvencionado** para os/as pensionistas, parados/as e estudantes de ensino post-obrigatorio.
- Aumentaremos o servizo de **axuda a domicilio**. Poremos en marcha novas prestacións: lavandaría, xantar e telefarmacia no fogar.
- Elaboraremos un Plan de integración socio-laboral para **persoas con discapacidade**.
- Reservaremos o **5% dos postos de traballo** na administración local para persoas con discapacidade.

## SANIDADE

- Melloraremos os **Centros de Saúde** dotándoos de equipos de atención primaria e especialidades máis comúns.
- Axilizaremos a construción do **Heliporto** no Hospital do Barbanza.
- Demandaremos o aumento do **número de camas** hospitalarias.
- Xestionaremos a dotación das unidades de **coidados intensivos** e reanimación.
- Solicitaremos a diminución de **listas de espera**.
- Axilizaremos a apertura do Centro de **Saúde Mental** e da Unidade de Atención á Drogodependencia.

## ORDENACIÓN TERRITORIAL

### Infraestruturas

- Xestionaremos a construción da **circunvalación de Ribeira** con acceso ao porto.
- Impulsaremos a construción dun **centro multiusos**.
- Dotaremos a Ribeira dunha **estación de autobuses**.
- Construiremos un **novo matadoiro**.

### Urbanismo e vivenda

- Adaptaremos o **Plan xeral** de ordenación municipal (PXOM) á Lei do solo.
- Reservaremos até un 40% do solo edificábel para **vivenda protexida**.
- **Rehabilitaremos** vivenda para poñela no mercado en réxime de alugueiro.
- Dotaremos de persoal o departamento de urbanismo para **axilizar os trámites** administrativos e velar polo cumprimento da normativa.
- Poremos en marcha un **Plan de mellora urbanística**: asfaltados, beirarrúas, aparcadoiros, parques infantís, zonas de lecer para a mocidade, maiores...
- Habilitaremos zonas de **aparcadoiros públicos**.
- Melloraremos os **acesos** ao Parque Periurbano.
- Abordaremos o progresivo **soterramento das conducións** eléctricas, telefónicas...
- Negociaremos con Costas unha **solución ao deslinde** dos Areeiros e Palmeira.
- Solicitarémolle a Portos a **cesión da fachada marítima** (Malecón).
- Elaboraremos unha Ordenanza municipal de **accesibilidade**. Controlaremos o cumprimento da normativa de eliminación de barreiras arquitectónicas.

## PARROQUIAS

- Abordaremos o **saneamento integral** e a rede de auga potábel de todas as parroquias.
- Manteremos **con regularidade** o asfaltado, as beirarrúas, os aparcadoiros, os parques infantís, as zonas verdes, etc.
- Recuperaremos e rehabilitaremos os núcleos con **tipoloxía tradicional**.
- Dotaremos de **recursos** e crearemos casas de cultura, servizos de biblioteca e polideportivos cubertos naquelas parroquias onde fose preciso.
- Dotaremos todas as parroquias dun **transporte público** axeitado.
- **Melloraremos** os servizos municipais: limpeza viaria, recollida de lixo...
- Achegaremos **información municipal actualizada** ás parroquias con paneis informativos.
- **Facilitaremos** o cobramento de taxas, impostos e outras cuestións referentes á administración municipal nas propias parroquias.

## MEDIO AMBIENTE

- Abordaremos o **saneamento integral** do municipio.
- Recuperaremos os **espazos degradados**: ríos, ribeiras, brañas, canteiras, etc.
- Fomentaremos a **participación** das persoas afectadas do Parque Dunar na súa planificación, uso e xestión, en colaboración coa Xunta.
- Traballaremos na **prevención dos incendios** forestais coa colaboración das comunidades de montes.
- Racionalizaremos o gasto enerxético municipal mediante **enerxías alternativas**: paneis solares, biomasa, plan de aforro na iluminación pública, etc.
- Elaboraremos unha Ordenanza municipal de **enerxía solar**.

## MULLER E IGUALDADE

- Desenvolveremos o **Plan para a igualdade**. Elaboraremos un Plan de acceso ao emprego para as mulleres.
- Xestionaremos a dotación dunha **segunda Escola Infantil** Municipal, con horarios adaptados á xornada laboral para favorecer o acceso das mulleres ao mercado laboral.
- Potenciaremos o **Centro de Información** ás Mulleres aumentando o persoal.
- Favoreceremos que tanto as familias monoparentais como as mulleres que sufran situacións de violencia doméstica teñan acceso a **vivendas protexidas** en réxime de alugueiro ou compra.
- Poremos en marcha un servizo de **canguros**.

## EDUCACIÓN

- Constituiremos o **Consello Escolar Municipal**.
- Impulsaremos a paulatina creación de **comedores escolares**.
- **Abriremos** as instalacións escolares fóra do horario lectivo.
- Reclamaremos a construción dun Centro Integrado de **Formación Profesional**.
- Solicitaremos **ciclos formativos** axeitados á nosa rede produtiva nas familias profesionais de hostalaría, do turismo, das actividades pesqueiras...
- Ampliaremos **axudas ao transporte** escolar da educación post-obrigatoria e universitaria.

## CULTURA

- Elaboraremos un **Plan cultural anual** cunha oferta diversificada en todas as parroquias e para todos os sectores de poboación.
- Potenciaremos o **asociacionismo cultural**. Pularemos pola creación de asociacións culturais en todas as parroquias do Concello.
- Abriremos unha **segunda Biblioteca** pública en Ribeira.
- Promoveremos as **festas tradicionais**. Apoiaremos de xeito especial a Festa da Dorna.
- O **24 de xullo** será festivo local.
- Crearemos unha rede de centros e/ou **museos etnográficos** activos que reconstrúan o noso patrimonio. Crearemos o **Museo do Mar**.
- Constituiremos unha **Factoría Cultural** onde se formara e se desenvolverán actividades artísticas: música, artes plásticas, novas tecnoloxías...

## MOCIDADE

- Promoveremos **vivendas protexidas** en réxime de compra ou de alugueiro.
- Elaboraremos un **Plan de ocio e tempo de lecer**. Dotaremos de espazos e fomentaremos as actividades en todas as parroquias. Poremos en marcha actividades nocturnas na fin de semana.
- Dinamizaremos a **Casa da Mocidade**, centro que servirá de soporte físico para as actividades e iniciativas da mocidade.
- Crearemos un **locais de ensaio** con estudo de gravación.
- Abriremos un **centro de orientación** afectivo-sexual (Centro Quérote).
- Poremos en marcha un **noitebús** que percorra todas as parroquias do noso concello e que conecte co noitebús comarcal nas fins de semana.
- Potenciaremos o **asociacionismo xuvenil**, prestándolle os servizos técnicos e económicos precisos.

## DEMOCRATIZACIÓN MUNICIPAL E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

- Garantiremos a **transparencia** e a equidade no acceso á función pública, nas contratacións de persoal e nas de obras e/ou servizos a cargo da administración local.
- Crearemos os **consellos territoriais** de parroquia ou barrio, nos que a cidadanía poderá participar na toma de decisións.
- Habilitaremos fórmulas para a **participación da cidadanía** nas sesións plenarias.
- Poñeremos en marcha os **consellos sectoriais**.

## LINGUA

- Potenciaremos o Servizo de **Normalización Lingüística** e dotarémolo de funcións e dos recursos económicos, materiais e humanos precisos.
- Elaboraremos e desenvolveremos un Plan de normalización da lingua galega.

## SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E NOVAS TECNOLOXÍAS

- Achegaremos a **banda ampla** a todos os núcleos do concello.
- Dotaremos de **WIFI** os edificios públicos e diversos espazos abertos.
- Crearemos un **portal web** onde estea dispoñíbel e actualizada toda a información do concello e onde se poidan realizar trámites administrativos.

## DEPORTES

- Acondicionaremos as **instalacións deportivas** do concello: piscina, pistas, pavillóns...
- Prestarémolle unha especial atención ao **deporte escolar e de base**, crearemos infraestruturas, optimizaremos as existentes e diversificaremos a oferta.
- Organizaremos **campionatos escolares** deportivos.
- Estimularemos e incentivaremos os **deportes autóctonos e tradicionais**.
- Potenciaremos os **deportes náuticos** con especial atención ás embarcacións tradicionais.
- Habilitaremos **bolsas de axuda** aos/ás nosos/as deportistas.
- Poremos en marcha un programa de fomento do deporte para **persoas maiores**.

Se desexas recibir información máis estendida sobre o programa e a liña política do **BNG en Ribeira** e no país podes solicitala por correo electrónico a [barbanza@bng-galiza.org](mailto:barbanza@bng-galiza.org) ou consultar a web [www.bng-galiza.org/barbanza](http://www.bng-galiza.org/barbanza). Para seguir a nosa campaña nestas municipais 2007 consulta o **BLOG DE DOMI** [www.bng-ribeira.org/domi](http://www.bng-ribeira.org/domi)

Suplentes: do 22 ao 28

21. Marta Varela Rodríguez. Aguiño  
22. Xavier Seco González. Ribeira  
23. Ana Belén Sampedro Gómez. Deán, Ribeira  
24. Ignacio González Crujeiras. Carreira  
25. Marisol Ayaso Teira. Aguiño  
26. José Albariza Prego. Corrubedo  
27. Mari Cruz Lorenzo Rivadulla. Oleiros  
28. Luis Fernández Axetos. Residente en Bos Aires

11. Silvia Varela Rodríguez. Ribeira  
12. Xosé Alberte Lorenzo Álvarez. Oleiros  
13. Dores Vidal Peón. Ribeira  
14. Xosé Manoel Santos Díaz. Corrubedo  
15. Anxelos González Sabarís. Aguiño  
16. Antón Parada Fernández. Touro, Ribeira  
17. Encarna Lago Sampedro. Palmeira  
18. Xosé Antonio Vázquez Cobas. Carreira  
19. Carmen Lampon Agrelo. Aguiño  
20. Gustavo Fernández Sousa. Corrubedo

1. María Dominga Brión Sanmiguel. Ribeira  
2. Xosé Luis Groveiro. Artes  
3. Ana Álvarez Becerra. Ribeira  
4. Luis Teira Parada. Ribeira  
5. Anxelos González Crujeiras. Carreira  
6. Francisco Ayaso Bretal. Oleiros  
7. Mercedes Blanco Vidal. Oleira  
8. Cipriano Lampon Agrelo. Aguiño  
9. M<sup>te</sup> Carmen Paz Betanzos. Palmeira  
10. Moncho Pouso Pouso. Castiñeiras



Ribeira pensada para ti  
Unha Ribeira pensada por ti  
A Ribeira pensada por ti

Un goberno para...  
Desenvolver as nosas capacidades  
productivas e creativas **respectando** o patrimonio natural, paisaxístico e cultural.  
Un concello **aberto á cidadanía** que pula por mellorar a súa **calidade de vida**.



María Dominga  
Brión Sanmiguel

# Ribeira pensada para ti

[www.bng-galiza.org/barbanza](http://www.bng-galiza.org/barbanza)  
BLOG DE DOMI [www.bng-ribeira.org/domi](http://www.bng-ribeira.org/domi)

